

IV TORNEO DE XADREZ VAL MIÑOR – SUB 2200 [2018]



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

<http://clubdexadrezlaroca.comlu.com>

DATAS: 21 e 22 de Xullo de 2018.

SISTEMA: Suizo a 6 roldas.

RITMO DE XOGO: 60' + 30'' por xogada, **valedoiro para ELO FIDE.**

LOCAL DE XOGO: Antiga Escola Maestro D. José (Cotros) – R/ Sarmiento 27 – Nigrán.

HORARIOS: Presentación: Sábado 21 de Xullo ás **09:50 h.** O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

1ª Rolda: Sábado 21 de Xullo ás 10:10 h.

2ª Rolda: Sábado 21 de Xullo ás 15:00 h.

3ª Rolda: Sábado 21 de Xullo ás 18:00 h.

4ª Rolda: Domingo 22 de Xullo ás 10:00 h.

5ª Rolda: Domingo 22 de Xullo ás 15:00 h.

6ª Rolda: Domingo 22 de Xullo ás 18:00 h.

Entrega de premios: 21:00 h.

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a.
Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a.
Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a.
Trofeo ó mellor xogador/a Sub-1800 Elo Fide / Sen Elo Fide.
Trofeo ó mellor xogador/a Sub-1600 Elo Fide / Sen Elo Fide.
Trofeo ó mellor xogador/a Sub-16 (Optan os nados nos anos 2002 e posteriores).
Non son acumulables, no caso de ter dereito a varios, repartiranse pola orde na que están reflexados nestas bases. O xogador deberá estar presente na entrega para recibir o premio.

INSCRIPCIÓNS: Couta de inscrición xeral: **7€.** Inclúen os custos das taxas FIDE.
Couta de inscrición especial ós xogadores Sub-16 do Club de Xadrez Laroca: **3€.**
Límite de inscrición ata o Venres 20 de Xullo ás 14:00 h. ou ata chegar ós **41 xogadores**, admitidos por rigurosa orde de inscrición.
Inscricións na web <http://clubdexadrezlaroca.comlu.com> ou no **Tif. 696.672.456.**

DESEMPATES: 1º Encontro directo 2º Bucholz(-1) 3º Sonneborg-Berger 4º Máis emparellado 5º Bucholz 6º Progresivo 7º Sorteio.

BASES

- O torneo está **reservado para xogadores cun ELO menor de 2200**, e deberán estar federados na temporada 2018. Os xogadores con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.
- O torneo realizarase mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- O tempo de espera será de **30'** dende a segunda rolda, transcorrido ese tempo, se un xogador non se presenta ante o tabeiri, perderá a partida.
- Haberá **1 BYE de ½ punto** a disposición dos xogadores, que poderá utilizarse só nas **catro primeiras roldas**. Concederase só por causa xustificada e sempre que se teña aboada a inscrición. A organización poderá conceder outros BYES de 0 puntos.
- Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais e imaxes, relacionadas co torneo, nos medios de comunicación que a organización considere oportunos para a adecuada difusión do torneo.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse as Leis do Xadrez da FIDE do 1º de Xaneiro de 2018.
- A participación neste torneo supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade do mesmo é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común.